

Escenario natural

Infantil Xavier Queipo combina habelencia literaria e saber científico

Escribir para rapaces require un bo dominio do oficio literario e unha considerábel capacidade de adecuación do texto a un lector menos experimentado, pero non menos intelixente nin menos capaz de comprensión das compoñentes simbólicas do texto. Xavier Queipo, coñecedor destas premisas, asoma á literatura infantil ilustrada con este fermoso conto nacido da súa contrastada habelencia literaria aquí acompañada do seu coñecemento científico.

Escrito na clave das lendas tradicionais de mundos aparentemente afastados do noso, e a lectura haberanos confirmar que non o son tanto cando vemos como de emparentado está coas máis próximas cando tratan da explicación dos nosos mundos de vilas desaparecidas ou ambulantes, cóntanos a historia da illa dos cangrexos que fan azul unha illa do Caribe que non atoparemos nos mapas, seguramente, pola súa particularidade de se poder desprazar polo mar. Nese lugar, Moi, única habitante de idade infantil, entretense ollando o mundo que a arrodea. Observando as cousas e escoitando as persoas maiores, Moi aprehende e fai seu ese mundo en que se desenvolve a súa vida. Unha vida que, tantas veces cristalinamente fráxil, haberá de se integrar dun xeito harmónico no escenario natural que a

A illa dos cangrexos violinistas ·

Xavier Queipo,

Jesús Cisneros (il.).

OQO Editora, 2008 ·

40 páx · 14 euros



contén. Harmonía que, nesta bonita historia, se debuxa na solidariedade e no amor que a Natureza nos devolve cando vivimos amosándolle o noso amor e o noso respecto. Lcción que, lonxe de didactismos, haberán de interiorizar os lectores ao remate da lectura deste álbum.

Como é de lei nos bos álbums ilustrados, e este éo, hai que tomalo coma unha obra conxunta entre o autor do texto e o das ilustracións, cousa ben resolta pola editora neste caso, xa que así aparecen ambos os dous na capa, en igualdade de tratamento tipográfico. As ilustracións son do aragonés Jesús Cisneros, un autor aínda novo, Premio Lazarillo no 2007 coa súa obra *Ramón*, que, no mesmo estilo gráfico, encontra aquí unha expresividade poética que se acopla á perfección cun texto construído co coitado do bo poeta que é Xavier Queipo. Unha paleta ben controlada, na que ocre, negros e brancos dominan a páxina en que se reserva o azul para o mar (aínda que vermello na primeira do-



Ilustración de *A illa dos cangrexos violinistas* // **Jesús Cisneros**

bre), para as follas de hibisco e para os diminutos cangrexos, cuxa presenza, esquivada na realidade, reflíctese co mesmo disimulo presencial no álbum. Rañados, estampacións e pingas azuis golpeadas contra o soporte, axudan a ese lirismo que esta conmovedora historia precisaba.

Hai un elemento compositivo na páxina do álbum que non todos os

ilustradores saben administrar debidamente, refírome a esa reserva para a posición do texto entendido como mancha que completa a páxina e que, tantas veces, compromete o equilibrio compositivo. Jesús Cisneros sabe negociar con mestría ese elemento visual sen afectar á eficacia narrativa do conxunto.

A estilización da figura humana, que ás veces haberá de se cortar como ocorre na belísima dobre páxina en que Moi aparece coa súa nai que a chama para almorzar, crea uns personaxes que se acomodan ao texto para construír unha narración dunha soa voz, por máis que esta proveña de dúas gorxas.

// **Xabier P. DoCampo**